



Nós, estudantes, profesorado e o conxunto de persoas da comunidade educativa, do CEIP Manuel Sueiro, preocupadas pola persistencia de conflitos e a proliferación da violencia, de condutas de intolerancia na nosa sociedade e en diversas partes do mundo, así como pola existencia do terrorismo e a guerra, verdadeiros azoutes da humanidade, ademais da urxencia climática.

Preocupados polo incremento de situacións de acoso escolar nas nosas cidades, de ameazas e abusos, de actos e condutas denigrantes, agresivas e violentas na internet e nas redes sociais que atentan contra a integridade física e psíquica das persoas así como a falta de decisións para paliar o desastre climático.

Preocupados pola extensión da intolerancia cara ás persoas diferentes, sobre a que se asintan infinitas condutas de discriminación, odio e violencia que danan a dignidade da persoa, a súa liberdade e igualdade de dereitos que son inherentes a todos os seres humanos, impedindo unha convivencia en tolerancia e concordia; ademais da indiferenza dos poderosos con respecto á situación dramática do noso planeta Terra.

É importante destacar que a paz non só é a ausencia de conflitos, convidamos a toda a cidadanía e ás institucións democráticas a fortalecer o seu compromiso coa cultura de paz, que implica:

- O respecto á vida, o fin da violencia e a promoción e práctica da non violencia por medio do diálogo, a cooperación, e en especial da educación para a tolerancia, a paz e a conciencia climática.
- O respecto pleno á dignidade da persoa e a defensa e promoción dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e o compromiso coa resolución pacífica dos conflitos.
- O respecto da igualdade de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, e do dereito de todas as persoas á liberdade de expresión, opinión e información, impedindo toda forma de abuso e agresión escudados nas mesmas.
- O respecto e a promoción da solidariedade, a sustentabilidade e do dereito ao desenvolvemento humano e á protección do medio ambiente para as xeracións presentes e futuras.
- A adhesión aos principios de liberdade, xustiza, democracia, tolerancia, solidariedade, cooperación, pluralismo, diversidade cultural e social, diálogo e entendemento a todos os niveis da sociedade e entre as nacións, animados por unha contorna que favoreza a paz e a non violencia.



En consecuencia, lembramos, neste importante DÍA MUNDIAL, aos pais e nais, aos mestres e mestras, estudantes, xornalistas, políticos, intelectuais, artistas e a toda a cidadanía en xeral, a importante responsabilidade que teñen no compromiso de impulsar unha cultura de convivencia e paz na humanidade; e de igual maneira, a responsabilidade e o papel informativo e educativo dos medios de difusión en promover esta cultura de paz, o compromiso pleno que debe exercer a sociedade civil no seu desenvolvemento e a responsabilidade dos gobernos cuxa función é primordial na promoción e fortalecemento da cultura da convivencia, tolerancia, respecto ao medio ambiente e da paz.

Convidamos neste DÍA ESCOLAR POLA PAZ E A NON VIOLENCIA a traballar e comprometerse por facer realidade aquilo que o preámbulo da UNESCO declara e afirma, lembrándonos que ***“debido a que as guerras nacen na mente dos homes, é na mente dos homes onde deben de erixirse os baluartes da paz”***.